

abaixo e á esquerda  
está o corazón

# Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 15 | MAIO 2011



LEIGH PHILLIPS  
Xornalista.  
Reporteiro de EUobserver e corresponsal para Europa da revista Red Pepper

É abraiante a pouca cobertura mediática que houbo no Reino Unido (RU) sobre unhas medidas absolutamente revolucionarias e polifacéticas reveladas recentemente pola UE, como resposta á crise da eurozona e que entran dentro do que Bruxelas chama

"gobernanza económica". Só se falou deste tema nun par de artigos da prensa sensacionalista e aínda así, a súa importancia quedou soterrada baixo a anecdótica pretensión por parte da Unión Europea de harmonizar o tamaño dos condóns, de prohibir as patacas fritidas con sabor a beicon afumado porque o afumado pode causar cancro e de mudar o nome do chocolate a "vegetate".

Segundo unha fonte achegada ao Ministerio de Finanzas alemán, o embaixador do RU na UE, Kim Darroch, comentoulle que era mellor que o partido pola independencia do RU-UKIP, polas súas siglas en inglés- e a prensa se ocupasen antes da curvatura das bananas que das propostas da gobernanza económica, e en particular de algo chamado o "Semestre Europeo". "Se soubesen o que está a pasar...", afirmou o ministro.

É notorio que o *quid pro quo* para os rescates de Grecia e Irlanda por parte da UE e o FMI significou nos dous países a amputación da toma de decisións sobre as políticas fiscais internas. Esa amputación foi realizada sen anestesia por un equipo de cirurxiáns da Comisión Europea, adestrados polo Ministerio de Finanzas alemán, utilizando serras e formóns prestados polo Departamento de Economía da Universidade de Chicago. Portugal, aínda antes de solicitar o rescate, levaba tempo cumprindo o programa de goberno ditado por Bruxelas e Berlín.

Pero todas estas medidas son supostamente de urxencia e si apareceron nos medios. O que é menos coñecido é como a UE subscribiu, ao amparo de Bruxelas, unha centralización similar da toma de decisións sobre os orzamentos nacionais en todos os Estados membros a partir de 2011.

Aínda que o RU aínda non se decatou, a Comisión Europea é plenamente consciente do que implica esta mudanza centrípeta de poderes. "O que está a acontecer é a revolución silenciosa e gradual dunha gobernanza económica máis forte", dixo o Presidente da Comisión José

## UN GOLPE DE ESTADO SILENCIOSO EN EUROPA

Na maior transferencia de poderes cara á Unión Europea dos últimos 50 anos, de acordo co novo sistema europeo de "gobernanza económica", Bruxelas recibe o dereito de veto en decisións sobre salarios, gastos públicos e impostos

Manuel Durão Barroso en xuño do ano pasado, despois de que o Consello da UE aprobase os conceptos iniciais da Comisión para a gobernanza económica. "Os Estados membros aceptaron -e espero que o entenderon ben- poderes moi importantes para as institucións europeas respecto da vixilancia, e un control moito máis estrito das finanzas públicas."

Pero, en realidade, é máis un golpe de estado silencioso que unha revolución silenciosa.

Conforme á lexislación xa aprobada, a Comisión Europea e o seu corolario, o Consello Europeo, similar a un senado, dirixen un programa, dun ano de duración, de vixilancia orzamentaria nacional chamado o "Semestre Europeo". A Comisión redacta primeiro un esbozo xeral chamado "enquisa anual de crecemento" -AGS, polas súas siglas en inglés- que son pautas relativas ao tipo de orzamento que se espera dos Estados membros para o ano seguinte. En xaneiro publicáronse xa as pautas para o ano 2012, sen ningunha achega ou consulta democrática por parte dos Estados membros.

Jacques Delors, o anterior Presidente da Comisión e nada sospeitoso de ser crítico co neoliberalismo, definiu a AGS como "o documento máis reaccionario que nunca presentou a Comisión".

A pesar da austeridade severa imposta en cada Estado membro da UE desde 2007, o documento deu a entender que, a pesar dos milleiros de millóns de euros, libras, coroas e zloty eliminados dos orzamentos, tanta miseria aínda non é suficiente.

AGS esixe aínda máis reformas en temas de benestar, o que inclúe beneficios condicionados a outros factores e o atraso na idade da xubilación "prematura". Os mercados laborais tamén deben flexibilizarse e deben manter unha "moderación salarial estrita e sostida".

O Parlamento Europeo, única institución da UE escolleita directamente, pode dar a súa opinión sobre o estudo pero a cámara non pode modificalo. O estudo recibirá posteriormente luz verde, coas emendas



incluídas polo Consello, a finais de marzo.

É nese intre cando os Estados membros deben presentar os seus plans orzamentarios para aprobación por parte da Comisión e o Consello, antes de que os presenten nin sequera ás súas propias cámaras lexislativas. O RU conseguiu arrincar unha cláusula que lle permite presentar o orzamento primeiro ao seu Parlamento, pero segue obriga-

do a presentar en Bruxelas o borrador con antelación, o que produce o mesmo efecto.

Daquela, se os plans orzamentarios non son aprobados ao pasar revista, a Comisión emite unhas "recomendacións" detalladas, específicas para cada país sobre niveis salariais e gastos sociais.

Se un país non acata estas recomendacións, a UE tomará medidas punitivas. Aínda que a Comisión e

o Consello europeos non poden bloquear o orzamento nacional proposto por un goberno, si poden dar a alerta, sancionar e, nos países da eurozona, poden impor multas por valor do 0,2% do PNB dun país. A falta de cumprimento coas demandas do Semestre Europeo durante tres anos consecutivos pode carrexar multas de até o 0,5% do PNB. Tendo en conta as cifras de 2009, para un país do tamaño de España, a multa sería de 5,25 mil millóns de euros.

O RU, fóra da eurozona, non sería sancionado; con todo, é obxecto de presión por parte dos outros Estados membros. Recibir presións pode non parecer gran cousa, pero hai que recordar que foron precisamente as presións e non as multas as que forzaron a Irlanda a aceptar o rescate da UE e o FMI que Dublín non quixo solicitar. Até sen sancións, existe a posibilidade de que se retiren os fondos estruturais da UE, o que equivale a unha sanción porque diminúen os ingresos. Tamén existe a idea, aínda que polo momento non está encima da mesa, de negar o voto no Consello ao país en cuestión. É dicir, obrigáraselle a implementar as leis da UE, pero non tería dereito a intervir na aprobación das mesmas.

Estanse discutindo outras propostas, ademais do Semestre Europeo, que fixarían pautas similares do comportamento esperado por parte dos Estados membros e así impedir "desequilibrios macroeconómicos" a longo prazo. Prodúcese neste sentido un solapamento co Semestre Europeo, pero onde este se refire a un único orzamento anual, as propostas para impedir desequilibrios entre Estados membros non están acoutadas no tempo.

Estas propostas poden referirse a problemas como o déficit comercial, a falta de competitividade nos prezos, os niveis de débeda pública e privada, as burbullas inmobiliarias, a "adxudicación indebida de recursos" e "os niveis insostíbeis de consumo", pero, en teoría, as propostas poderían cubrir calquera cousa.

>> Segue na páxina 2



# OS REFERENDOS, BESTAS NEGRAS DE BRUXELAS



**BERNARD CASSEN**  
Xornalista.  
Mémoire des luttes. É tamén presidente de honra de Attac Francia

En Bruxelas, os membros da Comisión e os funcionarios odian os referendos: en primeiro lugar, porque son organizados a nivel nacional, e xa que logo, en desacordo coa lóxica supranacional da construción europea, e en segundo lugar, porque son unha expresión directa da soberanía popular, sen o filtro das institucións da democracia representativa, coa que son posibles moitos arranxos. Ese tipo de comicios lémbrenos –para ben ou para mal– que os pobos seguen a existir no Vello Continente. Cando menos a curto prazo, a noción de “pobo europeo” segue a ser en gran medida unha simple ficción.

A Unión Europea (UE) ten polo tanto un serio problema con algúns dos pobos que a compoñen. E non porque sexan, en primeira instancia, contrarios á idea de Europa, senón porque rexeitan o imperativo das políticas que fan as institucións que actúan no seu nome. Cando xorde a oportunidade de expresar os seus sentimentos por medio dun referendo, non a deixan pasar. Deste xeito, en 1972, Noruega rexeitou adherirse ao que era daquela a Comunidade Económica Europea (CEE); en 1992, Dinamarca rexeitou o Tratado de Maastricht; en 2005, Francia e Holanda dixeran “non” ao Tratado constitucional europeo; en 2001, Irlanda votou en contra do Tratado de Niza e, en 2008, contra o Tratado de Lisboa. Cada unha destas veces, coa excepción de Noruega, un xogo de mans permitiu posteriormente transformar o “non” en “si”.

Un novo caso a estudar sobre o respecto ou falta de respecto da soberanía popular en Europa preséntase coa negativa dos islandeses, expresada polo 60% deles no referendo do 9 de abril pasado, de facer pagar a todos os cidadáns o custo dos danos causados polos seus banqueiros [1]. Un dos bancos da illa, o Icesave, privatizado en 2003, atraeu aforradores ofertando rendementos de preto do 7 por cento, é dicir, moi por riba das taxas do mercado. En realidade, era unha



fraude do tipo das “pirámides de Ponzi”, como as que utilizou Bernard Madoff moi habilmente: os xuros dos depósitos máis antigos pagábanse cos fondos facilitados polos novos aforradores. Até que o sistema entra en colapso ... Ese foi o caso de 2008.

Até a data, 400 mil contas foran abertas no Icesave, a maioría delas por británicos e holandeses. Para non precipitar o pánico bancario, os gobernos de Londres e A Haia comprometéronse a indemnizar aos seus cidadáns implicados –para importes respectivos de 2.600 millóns e 1.200 millóns de euros respectivamente– e, coa beizón da Comisión Europea e o Fondo Monetario Internacional, enviaron a factura ás autoridades de Reykjavik! Esa transformación caricaturesca dunha débeda privada en débeda pública, aceptada polo goberno e polo parlamento islandés, foi rexeitada unha primeira vez polo 93 por cento dos electores nun referendo realizado en marzo de 2010, e vén de selo novamente en abril de 2011.

Islandia non é membro da UE, mais o goberno ten presentado oficialmente a

súa candidatura para a adhesión en xullo de 2009. A menos que sexa derrocado nas eleccións lexislativas deste 9 de maio, o executivo está disposto a mostrar a súa respectabilidade “europea” restituíndolo, dun xeito ou doutro, os 3.800 millóns de euros que requiren o Reino Unido e os Países Baixos. Independentemente do veto que os dous países podan exercer á adhesión de Islandia, podemos preguntarnos se outros moitos Estados membros da UE desexarán que esta se amplíe a un pobo que non ten ningún medo a votar unha e outra vez “non” nun referendo... ●

[1] [www.cadtm.org/Islande-NON-et-encore-NON](http://www.cadtm.org/Islande-NON-et-encore-NON). Ler tamén “Quand le peuple islandais vote contre les banquiers”, Le Monde diplomatique, mai 2011, por Robert Wade e Silla Sigurgeirsdottir.

● **INFO:** Cedido polo seu autor a *Altermundo*. Publicado en francés en *Mémoire des luttes*. Bernard Cassen é autor, xunto con Louis Weber, de *Elections européennes, mode d'emploi*, Le Croquant-Mémoire des luttes, Bellecombe-en-Bauges, 2009.

>> Vén da primeira páxina

Isto débese a que, na *Merenda de Tolos* dos fundamentalistas do mercado, aínda falta establecer os indicadores cuantificábeis e definidos que fixen que política produce e en que punto produce un desequilibrio macroeconómico nun país, xa que, como a Comisión sostén que a importancia dos distintos desequilibrios varía no tempo, os indicadores só serán definidos *ad hoc* despois de que a Comisión descubra que un membro é culpábel de cometer este delito. Para sermos claros, primeiro declararáselle culpábel a un estado de desequilibrios macroeconómicos para logo definir que significan estes.

A Comisión inicia entón un “procedemento de desequilibrio excesivo”, o que significa tomar medidas punitivas igual que no Semestre Europeo, con multas e sancións de índole parecida.

O proxecto europeo de “go-

O PROXECTO É TAMÉN IMPOSÍBEL DE RASTREXAR OU MODIFICAR POLOS CIDADÁNS, XORNALISTAS OU SOCIEDADE CIVIL

bernanza económica” é tamén imposible de rastrexar ou modificar por parte de cidadáns, xornalistas ou sociedade civil. Todo o proceso é executado por expertos e avogados a porta pechada na Comisión ou no Consello. Os seus nomes non son públicos e aos xornalistas non se lles permite facer preguntas aos tecnócratas que toman decisións que afectan dramaticamente a centos de millóns de persoas. Jyrki Katainen, Ministro de Finanzas de Finlandia, explicou en xaneiro por que era necesaria unha medida tan radical: o sistema de gobernanza económica trata de facer fronte aos poderosos competidores orientais e do outro lado do Atlántico: “Se conseguimos coordinar os nosos esforzos, a UE será máis forte e máis flexíbel ante posibles presións procedentes dos mercados mundiais”.

O proxecto constitúe un intento de conseguir nada menos que unha deflación masiva a través da UE –mediante mercados laborais máis flexíbeis, salarios e pensións máis baixas, a comercialización dos servizos públicos cando non a súa privatización, e unha re-configuración da educación e a investigación para que estean ao servizo das necesidades do mercado, nun intento de devolver a competitividade á UE ante os Estados Unidos, sen estado de benestar, e a China infestada de obradoiros onde se explota e se escraviza. ●

● **INFO:** Cedido polo autor e publicado en inglés en *Red Pepper*

# O ANO DA MORTE DE BIN LADEN



**XOÁN HERMIDA**  
Consello Editorial de *Altermundo*

Bin Laden non morreu, como poida pensar a opinión pública, o 1 de maio de 2011.

Ese día só se produciu a súa execución seguindo os pasos da “cultura” norteamericana forxada no “Jonxano oeste”, onde o *sherif* borracho aforcaba ao pistoleiro sen que mediaran esas cousas tan engorrosas do dereito como tribunais, xurado, defensa e xuízo xusto.

Pero Osama xa morrera meses antes, vítima das revolucións democráticas árabes. Morreu o 17 de decembro de 2010, co inicio das mobilizacións cidadáns da “Revolución dos Xasmíns” tunesina e foi rematado no comezo da “Revolución Branca” o 25 de xaneiro de 2011 na Praza Tahrir de Egipto.

É “curioso” que tras dez anos dos atentados das torres xemelgas, incluída a invasión de dous países e a guerra scuba noutros, se carguen a Bin Laden cando xa estaba amortizado para os intereses americanos.

O inicio das revolucións árabes, que pilou a contrapé aos servizos de intelixencia

israelí e norteamericana, abría unha nova etapa de loita pola cidadanía global e deixaba ao descuberto unha estratexia de nova guerra fría co mundo árabe, baseada na intoxicación publicitaria e alimentada por tópicos etnocéntricos. Nesa nova situación Bin Laden era un estorbo do que tarde ou cedo había que se desfacer.

Pero a súa morte sen xuízo non creo que sexa unicamente froito da “cultura” da violencia norteamericana. Quizais o matan para que non ter que estar expostos durante un tempo ás posibles preguntas sobre a súa formación, preparación e aliado, obxectivo ou subxectivo, dos intereses norteamericanos e israelís na rexión e no mundo.

Que non se recorde máis tempo do debido que era un produto deles e namentres lles interesou, primeiro contra os soviéticos e despois para xustificar unha nova orde internacional, o deixaron andar ás stias anchas, residindo nun dos países aliados da zona coma é Paquistán.

Hai uns días, Hamas e Fatah alcanzaron un acordo para a formación dun goberno transitorio de unidade con vistas á celebración de eleccións presidenciais e lexislativas dentro dun ano en Palestina. O atranco final na estratexia do terror desmoronábase. Quizais chegara o momento de poñer ao mercenario da CIA, Bin Laden, fóra da circulación.

Pero, e se Osama non existira e só fora un heterónimo máis dun único personaxe real, que ao igual que os heterónimos de Fernando Pessoa teñen un contexto histórico, un ano para a súa morte: o 2011.

O 14 de xaneiro morreu o heterónimo Ben Alí, o 14 de febreiro fixoo o heterónimo Osmi Mubarak, agora tocoulle a quenda, neste caso de morte física, do heterónimo Bin Laden. Para cando a morte política dos heterónimos Muammar Gaddafi, Ali Saleh, Al Assad, Mohamed VI, Hamad bin Isa, Abdullah Al-Saud, ... De seguro que máis cedo que tarde. ●

# MÉXICO: POLA PAZ, CON XUSTIZA E DIGNIDADE

Decenas de milleiros de mexicanos e mexicanas marcharon entre o 5 e o 8 de maio cara o Zócalo contra a insoportábel guerra social desatada nun dos Estados máis violentos do mundo. Respondendo a unha convocatoria feita polo poeta Javier Sicilia, cuxo fillo foi asasinado na suposta guerra contra o narcotráfico, este novidoso, plural e xa histórico movemento de masas decidiu enfrontarse de cheo á política militarista do presidente Felipe Calderón, que xa se levou por diante máis de 40.000 vidas. O Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN) apoiou a marcha coa primeira manifestación silenciosa da súa historia en San Cristóbal de las Casas, a meirande dos últimos 17 anos



**MARCELA SALAS CASSANI**  
Desinformémomos

Armados con flores, globos, bandeiras, mantas e un silencio sepulcral, símbolo de dó e enérxica protesta pola crítica situación que atravesamos, decenas de milleiros de mexicanos marcharon desde o edificio de reitoría na Cidade Universitaria até o Zócalo da capital para esixir o fin da violencia que provocou “a absurda guerra de Felipe Calderón”.

Nenos, mulleres, mozos e mulleres das montañas do sur –deses pobos maias que engarzan a súa palabra á nación– e de tantos outros que nos lembraron a dignidade, pero si o é”.

Ao seu paso polas rúas sobre as que camiñaron até a Praza da Constitución, os integrantes do continxente, moitos deles familiares das vítimas da incontrolábel onda de violencia, recibiron múltiples mostras de apoio, desde auga, froita e sons de cláxons, até palabras de alento e solidariedade por perder a un fillo, a unha amiga, a un pai, a unha irmá, se-

vez en 15 anos de existencia marcharon portando o seu uniforme fóra do seu territorio.

No discurso central, e nunha clara alusión á multitudinaria manifestación do Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN), que se uniu ao seu chamamento o 7 de maio en San Cristóbal de las Casas, Sicilia sinalou: “esta casa onde habita o horror, non é a dos homes e mulleres das montañas do sur –deses pobos maias que engarzan a súa palabra á nación– e de tantos outros que nos lembraron a dignidade, pero si o é”.

Logo de camiñar rodeada de carteis con consignas como “Xa abonda!”, “Non máis mortos!”, “Estamos hasta la madre!”, “Viva a vida, morra a morte!”, “Pola paz!”, “Por unha vida digna!”, e no medio de aplausos, berros de “Non están sos!” e o ancestral son do caracol azteca, a marcha, que tiña previsto a súa chegada á praza principal ás dúas da tarde, demorou a arribada pola gran cantidade de persoas que se foron

mes: pór fin á militarización do país, deter a guerra que ningún pediu e que tantas vidas cobrou, recuperar a paz. Mentres Olga Reyes e Patricia Duarte, de Chihuahua e Hermosillo, convocaban a un pacto nacional para rematar coa impunidad no país, a multitude do Zócalo alzou a voz ao unísono nun reclamo comparativo: “Fóra Calderón!”.

Ao dirixirse aos presentes, Javier Sicilia, cuxo fillo foi asasinado en marzo xunto con outros mozos, aseverou: “Se camiñamos e chegamos así, en silencio, é porque a nosa dor é tan grande e tan fonda, e o horror do que venen tan inmenso, que xa non teñen palabras con que dicirse (...) pero esta dor non a mudaremos en odio nin en máis violencia, senón nunha ‘panca’ que nos axude a restaurar o amor, a paz, a xustiza, a dignidade; aínda cremos que é posible que a nación volva renacer e saír das súas ruínas, imos mostrarlles aos señores da morte que estamos de pé e que non deixaremos de defender a vida de todos os fillos e as fillas deste país”.

O convocante da marcha preguntouse “por que permitimos a Calderón sacar ao exército ás rúas?” e, “cando e onde perdemos a nosa dignidade?”. O Zócalo enmudeceu despois do pronunciamento de Sicilia, pois o poeta pediu cinco minutos de silencio “en memoria dos nosos mortos, da sociedade cercada pola delincuencia e un Estado omiso, e como un sinal da unidade e da dignidade dos nosos corazóns que chama a todos a refundar a Nación”.

Para finalizar o acto, o poeta David Horta deu lectura ao seu poema “Contra muros”, pero, inexplicablemente, as campás da Catedral comezaron a soar de xeito tolo, provocando a confusión e posterior alporzamento dos manifestantes, quen, mirando cara ao campanario empezaron a berrar espontaneamente: “Pederastas, pederastas!”.

As badaladas puideron opacar a voz de David, máis non as demandas do continxente que o xoves pasado partiu da cidade de Cuernavaca e que esta mañá arrincou desde Cidade Universitaria con destino ao Zócalo da capital. Unha camiñada de sete horas á que se uniron decenas de milleiros de persoas, cuxas esixencias tampouco poderán silenciar as campás “porque estamos ‘hasta la madre’ de tanto sangue, de tanta inxustiza e de tanta impudencia”.

Adrián, un malabarista que gaña a vida na Cidade de México, resumiu: “Estamos ‘hasta la madre’ da corrupción que vén de tantos anos e deste sistema neoliberal que foi impoñendo doutros lugares. Estamos marchando para sinalar a ilegalidade e a corrupción e para dicir que sabemos o que está a pasar no país”. E “porque vale a pena”, sinalou Valentina, de H.I.J.O.S. ●



# UNHA PERDA IRREPARÁBEL PARA O ECOLOXISMO SOCIAL

**A Ramón Fernández Durán, membro de Ecoloxistas en Acción, a morte non lle colleu por sorpresa o día 10 de maio pola mañá. No mes de marzo, o pensador e militante do ecoloxismo social desde hai máis de trinta anos, fixera pública unha carta de despedida.**

Nela, reivindicaba o dereito a unha morte digna e facía un repaso da súa traxectoria vital: "Dáme algo de pena desaparecer nestes intreos en que a Historia parece que se acelera, pois se puxo outra vez en marcha irresistíbel despois de que nos alertasen nos noventa sobre o Fin da Historia. E esta nova activación da Historia vén tamén determinada cada vez máis pola Crise Enerxética, Ecolóxica e Climática que ameaza ao Planeta e ás sociedades humanas. Sobre todo a primeira, a curto prazo, pois o principio da fin dos combustíbeis fósiles, a piques de comezar, vai supor unha ruptura histórica total. Nos últimos 60-70 anos, o sistema urbano-agroindustrial mundial consumiu *grosso modo* a metade dos combustíbeis fósiles dos que dispuña o Planeta. E iso xa non pode continuar máis tempo, pois estamos a piques de iniciar o declive enerxético fósil. E xa que logo os escenarios que se aventuran para as vindeiras décadas van ser moi duros".

Fernández Durán (Sevilla, 1947), Enxeñeiro de Camións e Premio Nacional de Urbanismo, iniciaba o seu activismo político na loita antifranquista das contornas autónomas do Madrid dos '60. Deixou a súa praza de funcionario e iniciou unha viaxe cara á creación intelectual e a militancia político-social: abandonou a construción de pontes de formigón para facerse enxeñeiro de pontes políticas, máis difíciles e fráxiles. Participou nos '70 en organizacións barriais. Nos '80, impulsou activamente o movemento Anti-OTAN e, nos '90, as mobilizacións "Desenmascaremos o 92" e "50 anos abundan. As outras voces do planeta", contra o Banco Mundial e o FMI, así como o Movemento contra a Europa de Maastricht e a Globalización Económica, acontecementos que abriron camiño ao movemento antiglobalización. Foi clave na fundación de Ecoloxistas en Acción en 1998. Da súa man entendemos a economía financeira, o papel dos combustíbeis fósiles no capitalismo e as graves repercusións socioambientais da UE.



Referente indiscutíbel dos movementos sociais e antisistema, publicou, entre outros, os seguintes libros: *La Explosión del Desorden. La Metrópoli como Espacio de la Crisis Global* (1993), *La compleja construcción de la Europa superpotencia* (2005), *El Tsunami urbanizador español y mundial* (2006), *El crepúsculo de la era trágica del petróleo* (2008), *El Antropoceno* (2011), *La Quiebra del Capitalismo Global: 2000-2030. Preparándonos para el comienzo del colapso de la Civilización Industrial* (2011).

Quen coñeceron a Ramón en manifestacións, asembleas, Universidades e foros sempre destacaron a súa faceta excepcionalmente humana, a súa disposición a aprender dos demais, a súa humildade, o seu humor e, sobre todo, a súa coherencia radical entre as súas ideas e a súa forma de estar no mundo. Cada día ensinounos co seu traballo, os seus afectos, o seu saber vivir, como conxugar a súa gran capacidade intelectual con esas outras tarefas, tan invisíbeis como importantes, como levar as pancartas ou non marcharse dunha festa sen fregar os cacharros. Para el vivir era celebrar a vida coa vida: coa súa compañeira Ana Hernando, militante feminista; con esa familia que se que-re moito; e con esa outra familia incompleta, diversa, inconforme, rebelde e imperfecta da que forma parte, os movementos sociais.

Coa súa coherencia vital e o seu exemplo déixanos moitas ensinanzas, entre elas unha: "atreverse a imaxinar o futuro para poder influír sobre el". Iso faremos, compañeiro. ●

## Causas da crise alimentar

Abondou con que as brillantes mentes de Goldman Sachs caesen na conta desta sinxela verdade: nada é máis valioso que o pan noso de cada día. E onde hai valor, hai cartos. En 1991, aos banqueiros de Goldman, liderados polo seu profético presidente Gary Cohn, ocorréuselles un novo tipo de produto de investimento, un derivado financeiro que daba seguimento indiciario a 24 produtos básicos, desde metais preciosos e enerxía até café, cacao, gando vacún, millo, porcos, soia e trigo. Ponderouse o valor do investimento de cada elemento, mesturaron e barallaron as partes, e reduciron o que fora un conxunto complicado de cousas reais a unha fórmula matemática, que en diante se denominaría Índice de Produtos básicos de Goldman Sachs (GSCI).

[...] O resultado da entrada de Wall Street nos mercados de grans, pensos e gandería tivo un tremendo impacto na produción alimentar mundial e nos sistemas de distribución. Agora, a oferta de alimentos do mundo non só ten que enfrontarse ás limitacións de subministración e aos aumentos da demanda de gran, senón tamén a este espurio mecanismo de alza artificial dos prezos dos grans creado pola banca de investimento. Resultado: o trigo imaxinario domina o prezo do trigo real, xa que agora hai catro especuladores por cada terceiro de boa fe [...] ● ["Cómo Goldman Sachs causó la presente crisis alimentaria". **Federick Kaufman, 8/05/11**]



## Europa, blindaxe selectiva

No medio da «Primavera Árabe», unha retórica populista e anti-inmigración percorre Europa presentándose electoralmente como cabalo gañador polo que políticos como Sarkozy e Berlusconi apostan con forza. A Comisión Europea, facéndose eco das súas propostas -e das súas presións-, presentou ante o Parlamento unha proposición que suporá que un principio básico e un dos logros máis salientábeis da integración europea, a liberdade de movemento, sexa impunemente desmantelada. Ou que sexa desexábel se a gozan só os brancos europeos. O restablecemento de check-points interiores para o control de identidades ou o fortalecemento do Frontex como garda fronteiriza están no menú.

[...] Unha concepción diferente dunha Europa dos pobos debería emerxer construída como un espazo permeábel, aberto a novas conexións e con potencial para desenvolver unha nova visión sobre o seu futuro nunha era de migración [...] Definitivamente, Europa necesita ser salvada de si mesma. ● ["Europa fortificada y rehén de su pasado". **Editorial do 12/05/11**]




## Grecia: fracasado o plan A anúncianse novos recortes

Os expertos da UE, do FMI e do BCE están examinando as contas do país. Parece que a situación é realmente mala para os gregos. E aínda que non se confirma ningunha cifra dun préstamo suplementario, algúns sinais non evitan que planea a sospeita. Desde primeiro ministro grego, que afirma que a austeridade vai aumentar, a Christine Lagarde que asegura en nome da comunidade internacional "axudamos a Grecia durante un ano e imos continuar", os gregos teñen todos os motivos para prepararse para o peor. O primeiro plan de salvamento fracasou [...] ● ["Rigueur: la Grèce se prépare à nouveau à résister". **10/05/11**]



## Terror económico nos Estados Unidos

[...] A recuperación económica sen creación de postos de traballo nos EUA está mudando nunha recuperación sen traballo e encaixe. Os salarios minguan, os postos de traballo escasean, as prestacións por desemprego rematan e o dólar cae. Pódese dudar que os EUA están en medio a unha depresión? Hai 14 millóns de desempregados, 42 millóns dependendo das tarxetas de alimentación, os sen teito non paran de crecer, os desau-cios subiron a 2 millóns por ano. A fin de manter os postos de traballo, millóns de estadounidenses aceptan reducións salariais. ● ["Economic Terror Wins the Day...". **Mike Whitney, 2/05/11**]



## Mexan por nós... e sabemos que non está a chover

Nós, a xeración que, por vez primeira en moito tempo, teremos menos dereitos e posibilidades de futuro cá os nosos pais e nais; aquel@s que invertimos moito tempo e cartos das nosas familias en formármonos; aquel@s que medramos a carón da TV a prometermos un mundo de fantasía onde tod@s seríamos ric@s; aquel@s que pensabamos que vivíamos en democracia, estamos fart@s de que mexen por nós [...] as mozas e mozos que creamos este manifesto facemos un chamamento á mocidade galega e a toda a sociedade baixo a bandeira común da loita contra o Capitalismo e por unha orde social xusta [...] ● **[11/05/11]**



## Galiza: líder en incineración de lixo

A Xunta aposta por queimar 900.000 toneladas de lixo ao ano en Dozón. Amigos da Terra, a FEG e Greenpeace consideran que a creación dunha nova planta incineradora non é a solución adecuada para a xestión do gran volume de residuos xerados na nosa comunidade, e reclama para Galicia unha aposta clara pola redución, a compostaxe e a descentralización na xestión de residuos, como as mellores solucións para este problema. A Xunta de Galicia volve a apostar por un modelo fracasado, que lonxe de rematar cunha problemática, non fai máis que perpetuala e hipotecar o futuro de galegas e galegos. [...] ● **[11/05/11]**